



Verdegaia xunto colectivos ecoloxistas e culturais do Val Miñor denuncian a **afectación de lugares protexidos na Serra da Groba, por mor dun conxunto de obras contratadas pola Comunidade de Montes de Mougás. Nomeadamente a desfeita tería lugar na braña do Campo do Costado, no nacemento do río Mougás.**

Segundo dan conta, as obras, contratadas pola Comunidade de Montes de Mougás e financiadas con Fondos Europeos Feader, consistiron "no peche perimetral, desbroce sistemático, subsolado e plantación dunha superficie aproximada de 30 ha. na conca alta do río Mougás, que está poboada por 5 hábitats de interese comunitario incluídos na Directiva 92/43/CE: Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica (código 8220), Ríos de piso colino a montano, con vexetación de *Ranunculus fluitantis* (Código 3260), Breixeiras secas

Ecoloxistas denuncian unha nova intervención agresiva na Serra da Groba en zona protexida.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 21 Xaneiro 2016 23:12

europas (código 4030), Formacións herbosas con *Nardus* (código 6230) e Breixeiras húmidas atlánticas con *Erica ciliaris* (código 4020). Estas dúas últimas coa consideración de 'hábitats prioritarios' na lexislación europea".

Engaden que entre as especies afectadas figura o narciso coñecido como "mallo" (*Narcissus cyclamineus*), que está incluído no Catálogo galego de especies ameazadas. No lugar habitan ademais diversas especies animais pouco frecuentes na costa sur galega, como son a lebre (*Lepus granatensis*) e o miñado abelleiro (*Pernis apivorus*).

Lembran que a existencia destes valores motivou que a Xunta de Galicia incluíse este espazo na súa Proposta de ampliación da Rede Natura 2000 do ano 2012, dentro do novo LIC "Serra da Groba e Monte da Valga". Posteriormente, o abandono do proceso por parte da Administración galega deixou esta serra "nunha situación de absoluta desprotección" sinalan.

Entre os efectos máis graves que podemos observar sobre o terreo destacan:

-A apertura de sulcos con maquinaria pesada dentro de dous hábitats de conservación prioritaria. O subsolado realizouse en liñas de máxima pendente, de maneira que as escorrentías producidas polas choivas están escavando zangras que ameazan con drenar e secar o humidal.

- O peche do curso alto do río Mougás, que non respeta a preceptiva servidume de paso.

- A expulsión dos cabalos que habitan en liberdade na serra da Groba desta importante área de pastos húmidos e abrevadeiro. O labor que realizan resulta fundamental para a preservación do humidal e das comunidades de plantas que nel medran. A exclusión dos cabalos ameaza con afectar gravemente á biodiversidade deste espazo natural, especialmente no caso das especies máis pequenas e vulnerables, como son as plantas insectívoras ou orballiñas (*Drosera intermedia*).

- A transformación de carrasqueiras secas europeas (hábitat de interese comunitario 4030) en novas plantacións de piñeiros.

Ecoloxistas denuncian unha nova intervención agresiva na Serra da Groba en zona protexida.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 21 Xaneiro 2016 23:12

Verquido de residuos sólidos sobre o humidal (como bandexas forestais), así como o abandono de máis de 700 plantas de freixo (especie inapropiada para estes terreos) amoreadas no lugar de plantación.

Os colectivos esixen " a restitución do espazo natural ás súas condicións anteriores, así como que a Administración analice a posible vulneración da normativa ambiental no referido á lexislación de augas e de protección de hábitats prioritarios e de especies catalogadas".

O escrito de denuncia o asinan o Colectivo Matogueira, Fontaiña, Verdegaiá, Morcegos de Galicia, Amigos da Terra, Adegas, Salvemos Monteferro, SOS Groba, A Ría Non Se Vende, Asociación Gallega para la Conservación de la Biodiversidad, A Terra Non Se Vende, Equo e o Clube Espeleolóxico Maúxo